

INFORME SOBOR DOS ANELAMENTOS FEITOS POLO GRUPO
ORNITOLOXICO GALEGO (1975) E A SOCIEDADE GALEGA
DE HISTORIA NATURAL (1976)

Juan Rodríguez Silvar e Andrés Bermejo Díaz de Rábago (*)

Sociedade Galega de Historia Natural

Como unha actividade máis do Grupo Ornitolóxico Galego, formouse o derradeiro ano de 1975 un xeito de grupo ou sección de anelamentos que servirá de canle ó interés que algúns dos seus membros tiñan por esta actividade. Varios destes socios, entre eles nós, xa eran aneladores autorizados pola Sociedad Española de Ornitología (S.E.O) e por medio deles pedíronse as anelas necesarias, anque todo socio do G.O.G. que quixo participar nos anelamentos encontróu facilidades.

O obxeto de anelar as aves o obter un coñecemento das fluctuacións das súas poboacións e dos seus movementos, servíndose dunha marca individual nos seus individuos, es to é, a anela.

Así foille doado os centíficos saber, tras a recolleita de anos sucesivos, cales eran as principais rutas de migración das aves non sedentarias e resolver algúns problemas que tiña prantexada a ornitología, tales como o saber se eran os mesmos individuos os que voltaban a ani-

* Señas actuais: *Depto. de Zooloxía; Facultade de Ciencias. Santiago.*

ñar no mesmo lugar un ano tras outro, se as parellas mantíñanse unidas de por vida, etc.

A organización e sistemas de anelar son, con poucas diferencias, comúns a tódolos países.

En España foi pionera nestes labores a sociedade Aranzadi, de San Sebastián, sendo máis tarde a S.E.O. a que, tras algúns anos de colaborar con Aranzadi, encargóuse de orgaizar os anelamentos, por medio do seu Centro de Migración que, por outra banda mantén contactos con orgaizaciós similares de outros países de mundo.

Co paso dos anos, o Centro de Migración sigue desempeñando a súa función, que lle foi recoñecida polo Ministerio de Agricultura a traveso do I.C.O.N.A. O devandito Centro conta con certo número de colaboradores por tódala nación. Estes colaboradores, desinteresadamente, fa os anelamentos coas anelas que gratuitamente lles facilita o Centro.

Estes anelamentos han de facerse cumprindo unhas normas internacionais, que lle son facilitadas ós aneladores xunto coa súa autorización nominal.

As anelas utilizadas con fins científicos están feitas con diferentes metais según pra que ave seían. Normalmente son de aluminio, mais prá aquelas aves que vivan na auga ou en ambientes expostos, hainas de monel ou outras aleaciós.

O tamaño lóxicamente varía coa forma e tamaño da pata da ave (tarso). Así, hainas desde algún milímetro hastra varios centímetros de diámetro.

Cada anela leva grabados unha letra e un número que a identifica individualmente, a máis dunha dirección (en España "Museo de Ciencias" (Madrid-6) pra que poda ser devolta ou comunicado o seu hachádego. É moi importante que si algún de nós atopa unha ave anelada o comunique á dirección que, como decíamos, leva a anela, decindo en que con-

dicións se atopou a ave (viva, ferida, morta) e cómo, o lugar e a data. E costume, e aqueles que devolveran algunha vez unha anela pode confirmalo, que os centros de anelamentos de tódolos países contesten ás persoas que lles escriben, dándolles datos de onde e cando foi anelada a ave e de qué especie se trata.

Mais, ¿cómo se fan os anelamentos?. Polo xeral as aves son capturadas no niño (cando polos), con redes ou artificios axeitados (novos e adultos indistintamente) ou aproveitando algún estado fisiolóxico en particular (a mancada ou muda dos parrulos, por exemplo).

Unha vez capturada a ave é pesada e lle son tomadas outras medidas. Logo se lle coloca a anela e deixase ceibe asiña, percurando non ferila.

Estes datos (medidas, especies, nº de anela, lugar e data) son arquivados polo anelador e polo centro de anelamento do seu país respectivo.

En Galicia víñase anelando dun xeito mais ou menos aillado por parte dalgúns aneladores da S.E.O., agora tamén membros da S.G.H.N. Os labores destes aneladores centrábanse sobor de todo nas colonias de cría das gaivotas nas illas costeiras galegas de Sisargas (A Cruña) e Cíes (Pontevedra), nas que levaron unha moi louvable tarefa por varios anos.

Na primavera do 1975 escomenzaron as actividades aneladoras entre os socios de G.O.G. e foron desenroladas na montaña luguesa e na zona costeira da provincia da Cruña, principalmente. Máis tarde, no mes de San Xoán, fíxose unha pequena campaña de anelamento de gaivota prateada (*Larus argentatus*) nas illas Sisargas.

No conxunto, os resultados foron alentadores xa que aquel foi o primeiro ano de anelamentos pra moitos de nós e, por outra banda, nos dispuxemos de demasiadas anelas.

Os resultados globales, por especies, se reseñan na táboa 1; na táboa 2 adxúntanse os nomes dos participantes nos anelamentos.

No ano 1976, unha vez formada a Sociedade Galega de Historia Natural a partir do Grupo Ornitolóxico Galego, as actividades de anelamentos seguiron os pasos do feito o ano anterior. Cabe sinalar que a S.G.H.N. prestou o seu patrocinio á campaña de anelamento da gaiivota prateada, este ano feita nas illas Sisargas, coma o derradeiro ano, e nas Cíes. Paralelamente, realizáronse outros anelamentos de paseriformes, rapaces e corvos marinos cristados (*Phalacrocorax aristotelis*).

Na táboa 3 dáse unha relación das especies e cantidades aneladas hatra o mes de Novembro do 1976 e, na táboa 4, das persoas que interviron na realización do seu anelamento (*).

Veríamos como de moito interés que poidera formarse no País Galego un prantel de aneladores capacitados, coordinados entre sí, que desen aneladas unha cantidade apreciable de aves por tódalas nosas terras.

Este podería ser un xeito de colaborar no coñecemento científico, ó tempo que se exercita a propia afección á natureza.

(*).- Os nomes citados nas táboas prás aves, correspónden ós propostos na "Lista Patrón das aves de Galicia" por X.M. Penas Patiño e Carlos Pedreira López (no prelo).

TÁBOA 1

RELACION DAS AVES ANELADAS NO 1975 (G.O.G.), ORDEADAS POR FAMILIAS

Familia	Especie	Cantidade	Nome vernáculo
Accipitridae	<i>Buteo luteo</i>	1	Miñado común
Tytonidae	<i>Tyto alba</i>	3	Curuxa común
Laridae	<i>Larus argentatus</i>	547	Gaiyota prateada
Apodidae	<i>Apus apus</i>	1	Vencello común
Hirundinidae	<i>Hirundo rustica</i>	5	Anduriña común
	<i>Delichon urbica</i>	2	Anduriña do cu branco
Motacillidae	<i>Motacilla alba alba</i>	1	Lavandeira branca
Sturnidae	<i>Sturnus unicolor</i>	12	Estornioño negro
Corvidae	<i>Garrulus glandarius</i>	3	Pega marza
Troglodytidae	<i>Troglodytes troglodytes</i>	6	Carrizo
Prunellidae	<i>Prunella modularis</i>	2	Azulenta común
Muscicapidae	<i>Acrocephalus scirpaceus</i>	1	Fulepa lixeira
	<i>Sylvia undata</i>	1	Papuxa montés
	<i>S. atricapilla</i>	2	Papuxa das amoras
	<i>Phylloscopus collybita</i>	4	Picafolias común
	<i>Picedula hypoleuca</i>	2	Papamoscas negro
	<i>Phoenicurus ochrurus</i>	3	Curroxo
	<i>Erithacus rubecula</i>	5	Paporrubio
	<i>Turdus merula</i>	17	Merlo
	<i>T. philomelos</i>	1	Tordo de viña
	<i>T. iliacus</i>	3	Tordo malvís
Paridae	<i>Parus major</i>	6	Abelleiro
	<i>P. ater</i>	5	Ferreiro común
	<i>P. caeruleus</i>	7	Ferreiro
	<i>Aegithalos caudatus</i>	3	Ferreiriño rabilongo
Certhidae	<i>Certhia branchydaactyla</i>	2	Rubideiro
Fringillidae	<i>Fringilla coelebs</i>	7	Pimpín
	<i>Phyrrula phyrrula</i>	1	
	<i>Serinus serinus</i>	18	Xirín
	<i>Carduelis carduelis</i>	1	Xílgaro
	<i>C. spinus</i>	2	
Embericidae	<i>Emberiza cia</i>	1	Escribenta riscada
	<i>E. citrinella</i>	1	Escribenta real
	<i>E. cirius</i>	2	Escribenta liñaceira

Nº de especies = 34; Nº de aves = 678.

TABOA 2

PARTICIPANTES NOS ANELAMENTOS DO 1.975

Bas López, Santiago
Bermejo Díaz de Rábago, Andrés
De Castro Lorenzo, Augusto
Fernández de la Cigoña Núñez, Estanislao
Gutián Ribera, José
Pedreira López, Carlos
Penas Patiño, Xosé Manuel
Beiró, Pepis
Piñeiro Seage, Antonio
Rodríguez Silvar, Juan
Rodríguez Silvar, Amador
Sánchez Canals, José Luis
Zárraga, Marcos.

TABOA 3

RELACION DAS AVES ANELADAS EN 1976 POLA S.G.H.N. E COLABORADORES, POR FAMILIAS

Familia	Especie	Cantidad	Nome vernáculo
Phalacrocoracidae	<i>Phalacrocorax aristotelis</i>	37	Corvo mariño cristado
Accipitridae	<i>Buteo buteo</i>	2	Miñato
Falconidae	<i>Falco tinnunculus</i>	8	Lagarteiro
Laridae	<i>Larus argentatus</i>	1561	Gaivota prateada
	<i>L. fuscus</i>	3	Gaivota escura
Hirundinidae	<i>Hirundo nística</i>	4	Anduriña común
Upupidae	<i>Upupa epops</i>	14	Bubela
Motacillidae	<i>Motacilla flava</i>	2	Lavandeira verdeal
Laniidae	<i>Lanius collurio</i>	4	Picanzo bermello
Sturnidae	<i>Sturnus unicolor</i>	6	Estornioño negro
Troglodytidae	<i>Troglodytes troglodytes</i>	8	Carrizo
Prunellidae	<i>Prunella modularis</i>	2	Azulenta común
Muscicapidae	<i>Acrocephalus scirpaceus</i>	1	Fulepa lixeira
	<i>Hippolais polyglota</i>	5	Lirio marelo
	<i>Sylvia atricapilla</i>	2	Papuxa das amoras
	<i>Saxicola torquata</i>	1	Chasca
	<i>Phoenicurus oerurus</i>	4	Curroxo
	<i>Erithacus rubecula</i>	4	Paporrubio
	<i>Turdus merula</i>	5	Merlo
Paridae	<i>Parus ater</i>	1	Ferreiriño común
	<i>P. major</i>	9	Abelleiro
Ploceidae	<i>Passer domesticus</i>	1	Gorrión común
	<i>P. montanus</i>	3	Gorrión orelleiro
Fringillidae	<i>Fringilla coelebs</i>	20	Pimpín
	<i>Serinus serinus</i>	5	Xirín
	<i>Carduelis chloris</i>	30	Verderol
	<i>Carduelis carduelis</i>	1	Xilguro
	<i>Acanthis cannabina</i>	11	Nabiñeiro
Embericidae	<i>Emberiza citrinella</i>	2	Escribenta real
	<i>E. citrus</i>	1	Escribenta liñaceira

Nº de especies = 30; Total de aves = 1.749.

TABOA 4

PARTICIPANTES NA CAMPAÑA DE ANELAMENTOS
DE GAVIOTA PRATEADA

Alvarez Escudeiro, Enrique
Bermejo Díz de Rábago, Andrés (*)
Carballeira, Javier (*)
Durán, Carlos (*)
Escalañte, José Luis
Fafián Fernández, José M^a (*)
Fernández de la Cigoña Núñez, Estanislao (*)
Romarís Pais, Xosé Manuel
Rodríguez Fariñas, Javier
Rodríguez Silvar, Amador (*)
Rodríguez Silvar, Juan (*)
Rodríguez, Pedro (*)
Santalla, Francisco
Souza Bazarra, José (*)

PARTICIPANTES NOUTROS ANELAMENTOS

Fernández Couto, Tomás
Pedreira López, Carlos
Penas Patiño, Xosé Manuel

(*) Tódolos sinalados coeste símbolo tamén partici-
paron noutros anelamentos.

Resume

O presente traballo recolle os anelamentos de aves feitos polo GRUPO ORNITOLOXICO GALEGO (1975) e a SOCIEDADE GALEGA DE HISTORIA NATURAL (1976).

Faise unha breve mención da historia dos anelamentos científicos de aves na España e dos métodos máis axeitados pra anelar.

Resumen

El presente informe recoge los anillamientos de aves efectuados por el GRUPO ORNITOLOXICO GALEGO (1975) y la SOCIEDADE GALEGA DE HISTORIA NATURAL (1976).

Se acompaña de una breve historia de los anillamientos científicos de aves en España, así como de los métodos recomendados para anillar.

Summary

In this report are detailed the bird's ringing made by the GRUPO ORNITOLOXICO GALEGO (1975) and the SOCIEDADE GALEGA DE HISTORIA NATURAL (1976).

A short account of ringing in Spain is given, as well as the methods recommended for scientific bird's ringing.

